



### CONCELLOS

#### LÁNCARA

##### Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 11/03/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 3/2020 do orzamento xeral do Concello de 2020. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 28/03/2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

##### Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	1.029.348,70
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.207.305,02
Capítulo III	Gastos Financeiros	1.455,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	12.500,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	8.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	534.893,86
Capítulo VII	Transferencias de Capital	4.500,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.942,57

##### Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	617.335,05
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	274.852,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.362.791,80
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	182.953,15
Capítulo VIII	Activos financeiros	336.134,06
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 24 de abril de 2020.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 0782

### LUGO

##### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de abril de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 28/149 NOMEAMENTO DE DON PABLO LÓPEZ RODRÍGUEZ, DON ROBERTO RODRÍGUEZ PÉREZ E DON RUBÉN ANGEL ROCA CANCIO, COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C; SUBGRUPO C1; ESCALA, BÁSICA; CATEGORÍA, POLICÍA, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Nomear a DON PABLO LOPEZ RODRIGUEZ (dni \*864Z), DON RUBEN ANGEL ROCA CANCIO (dni \*779W) e DON ROBERTO RODRIGUEZ PÉREZ (dni \*446Z), como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de policía local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala; básica; categoría, policía.

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado ós interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente"

Lugo, 27 de abril de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0783

---

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de abril de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 27/148 NOMEAMENTO DE DON JOSÉ IGOR SOUTO LÓPEZ, DON JORDÁN CODESAL CRUZ, DON FRANCISCO JAVIER MAYOBRE RODRÍGUEZ E DON ROBERTO RAJOY OTERO, COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO C; SUBGRUPO C1; ESCALA, BÁSICA; CATEGORÍA, POLICÍA, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Nomear a DON JOSÉ IGOR SOUTO LÓPEZ (dni \*613Z), DON JORDÁN CODESAL CRUZ (dni \*512M), DON FRANCISCO JAVIER MAYOBRE RODRÍGUEZ (dni \*666X) e DON ROBERTO RAJOY OTERO (dni \*676P), como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de policía local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala; básica; categoría, policía.

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado ós interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente"

Lugo, 27 de abril de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0784

---

#### *Anuncio*

Visto o Convenio para a asunción pola administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais e a Orde do 31 de maio de 2019 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso (DOG núm 115 do 19 de xuño de 2019)

Tendo en conta a comunicación da Xunta de Galicia relativa ás persoas que, habendo superado o referido proceso selectivo convocado pola Orde do 31 de maio de 2019, foron designadas para o Concello de Lugo e a Certificación da xefa do servizo de formación en Seguridade Pública da Academia Galega de Seguridade Pública relativa ao cumprimento dos requisitos para nomeamento como persoal funcionario en prácticas ou funcionario de carreira, a **Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo**, con data do 6 de marzo de 2020 ditou o Decreto 1609/2020 polo que se resolveu:

**Primeiro.**- Os nomeamentos de don Javier Río Lamas (DNI \*462A), don Joel Penabade Cociña (DNI \*182J), don Nonito Angel Bermudez Fernández (DNI \*453K), Don Alvaro Vázquez López (DNI \*386Y), Don José Manuel Rodríguez Fernández (DNI \*569L), don Alejandro Novo Rodríguez (DNI \*396V), don Isaias López Fernández (DNI \*974R), don Luis Martínez Pereira (DNI \*009N), don Felipe Pérez Alvarez (DNI \*177R), don Abelardo Rodríguez López (DNI \*893J) e don Alejandro López García (DNI \*919H), como funcionarios en prácticas do Excmo. Concello de Lugo nas prazas de Policía Local; Escala: Básica; Categoría: Policía; Grupo: C1; Nivel: 17, con efectos do día no que dea comezo o curso selectivo de formación que, para o efecto, desenvolva a Academia Galega de Seguridade Pública, previsto para o día 12 de marzo de 2020.

**Segundo.**- Os funcionarios en prácticas percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior se incrementará nas retribucións complementarias correspondentes ao dito posto.

**Terceiro.**- Notificarlles os nomeamentos en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 27 de abril de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarells Fondo.

R. 0785

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

#### **EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

Por Resolución da Alcaldía do 23 de Abril aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 2º BIMESTRE DO 2020.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Maio ó 30 de Xuño, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servizos de Recadación da Excm. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 23 de abril de 2020.- O Alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 0786

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro do 2020 prestou aprobación ao proxecto de obras denominado "PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL " elaborado polo Enxeñeiro Técnico Forestal don José Mariño Méndez o que implica a DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA e da NECESIDADE DA OCUPACIÓN, de acordo co disposto no acordo do Pleno de data 30 de setembro de 2019, ao abeiro dos artigos 10 e 17 da Lei de Expropiación Forzosa.

Sométese o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monforte de Lemos, 23 de abril de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0787

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 24 de abril de 2020 o expediente núm. 19/2020 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 6.247.841,96 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 27 de abril de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0788

### *Anuncio*

#### **DECRETO DA ALCALDÍA**

O art. 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regula o feito impositivo das taxas municipais, do xeito seguinte:

"1. As entidades locais, nos termos previstos nesta Lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten o beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos."

En todo caso, terán a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan as entidades locais por:

A) A utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.  
B) A prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que no sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

Cando veña imposta por disposicións legais ou reglamentarias.

Cando os bens, servizos ou actividades requeridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non se presten ou realicen polo sector privado, este ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

2. Entenderase que a actividade administrativa ou servizo afecta ou se refire ao suxeito pasivo cando sexa motivado directa o indirectamente por este en razón de que as súas actuacións ou omisións obliguen ás entidades locais a realizar de oficio actividades o a prestar servizos por razóns de seguridade, salubridade, de abastecemento da poboación ou de orde urbanístico, ou calquera outras.

O Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, supuxo unha redución da actividade comercial, estableceu un confinamento da poboación e, no ANEXO I, estableceu a relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público quedou suspendida con arreglo ao disposto no art. 10.3 da citada disposición.

Polo tanto, dada as consecuencias económicas derivadas do citado Real Decreto Lei semella convinte concluir que existe unha diminución da actividade comercial dos quioscos instalados en bens de dominio público de propiedade municipal. Por elo considerase procedente proceder á devolución ou non liquidación de ditos ingresos, en tanto en canto dure a situación presente.

Polo exposto e, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e con base na Resolución da Alcaldía de 23 de marzo de 2020 que revoca a de data 17 de xuño de 2019, pola que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte delegou atribucións na Xunta de Goberno Local:

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución ou non liquidación da taxa por instalación de quioscos na vía pública, durante o período comprendido entre o día 16 de marzo de 2020 e o día que finalice o estado de emerxencia, declarado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

SEGUNDO.- Unha vez finalizado o estado de emerxencia e levantada a suspensión obrigatoria das actividades relacionadas no citado Anexo I do Real Decreto 463/2020, os suxeitos pasivos afectados deberán presentar a súa solicitude no Rexistro do Concello, no modelo que se lles facilite ao efecto.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste Decreto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Monforte de Lemos, na Páxina Web e no B.O.P.

Monforte de Lemos, 27 de abril de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0791

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 24 de abril de 2020, o REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS/AS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, expónse ao público a efectos de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Monforte de Lemos, 28 de abril de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0792

### VIVEIRO

#### Anuncio

#### Expediente núm.: 2968/2020

Aprobación dos padróns fiscais de Auga e canon de Saneamento, rede de sumidoiros, Taxa de Recollida de Lixo, etc. (1º trimestre do exercicio 2020) e anuncios de cobranza.

Con data de 24 de abril de 2020 por Resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Auga potable	1º Trimestre de 2020	161.679,81 €
Conservación de contadores	1º Trimestre de 2020	5.768,55 €
Rede de sumidoiros	1º Trimestre de 2020	32.453,46 €
Depuración de augas residuais	1º Trimestre de 2020	98.239,02 €
Recollida de lixos	1º Trimestre de 2020	305.893,98 €
Canon auga (Xunta)	1º Trimestre de 2020	74.485,57 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-

administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### **Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

1. O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **30 de abril de 2020 ao 30 de xuño de 2020**, ambos inclusive.
2. Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
3. Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxias de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 24 de abril de 2020.- Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0789

## **XERMADE**

### *Anuncio*

Por Xunta de Goberno Local do 22 de abril de 2020 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 1º trimestre do 2020, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 2 de maio ó 30 de xuño de 2020, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prado dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 24 de abril de 2020. O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0790